

Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza

Avenida de Castelao 20, baixo

15704 Santiago de Compostela

Correo electrónico: [adega@adega.gal](mailto:atega@adega.gal)

Páxina electrónica: www.adega.gal

Tfne e fax: 981570099

Á FISCAL PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DE A CORUÑA

Froilán Pallín Seco, DNI [REDACTED], actuando en nome e representación de **ADEGA (Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza)**, CIF 15044811, na súa condición de Secretario Xeral da mesma, con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Castelao 20, baixo, CP 15704 (Santiago de Compostela – A Coruña), comparece e, como mellor en Dereito proceda,

DÍ

Que perante o presente escrito, ao amparo do establecido no artigo 5 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, e das funcións conferidas no mesmo, pon en en coñecemento desa Fiscalía os seguintes

FEITOS

PRIMEIRO. A Asociación para a Defensa Ecoloxica de Galicia (en adiante, ADEGA), xunto coa Asociación Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica (en adiante, FDCC), interpuxeron en xaneiro de 2022, perante a Sala Tercera do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Recurso Contencioso-Administrativo contra a Resolución do 22 de

novembro de 2021 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 18 de novembro de 2021, polo que se outorga autorización administrativa previa, autorización administrativa de construcción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos mineiros e forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campelo, sito nos concellos de Coristanco e de Santa Comba (A Coruña) e promovido pola sociedade Greenalia Wind Power Campelo, S.L.U. (Expediente IN661A 2011/16).

Admitido a trámite o antedito recurso, e no momento procesual de deducir o correspondente escrito de demanda, por parte de ADEGA e FDCC solicitouse perante outrosí a adopción da medida cautelar de suspensión da eficacia e executividade das autorización impugnadas, solicitude que foi acollida pola Sala perante Auto de data 19 de setembro de 2022, que se adxunta ao presente como Documento nº 1.

SEGUNDO. Dado que o acollemento da medida solicitada por ADEGA e FDCC foi parcial, pois supeditouse á constitución de fianza ou garantía por importe de 10.000 Euros, ambas entidades recorron en tempo e forma dito Auto no relativo á mentada imposición de fianza, solicitando que a mesma fose revogada.

Do recurso presentado deulle traslado a Sala ás partes demandadas -Xunta de Galiza e Greenalia Wind Power Campelo, S.L.U. (en adiante, GWP Campelo), mercantil promotora do proxecto de parque eólico obxecto das autorizacións administrativas impugnadas), a fin de que aleghasen o que ao seu Dereito conviñese.

Por parte da representación letrada de GWP Campelo, no seu escrito de recurso interposto fronte ao Auto de acollemento da medida cautelar, que se acompaña ao presente como Documento nº 2, esgrimiuse en concreto o seguinte argumento (páxinas 17 e 18):

"GWP CAMPELO, tras adquirir la titularidad del PE Campelo en 2016, solicitó una modificación del plan empresarial comprometido en 2010, que fue aprobada por la Administración autonómica. Hoy en día, el plan empresarial se encuentra ejecutado. Así lo acredita la certificación que se acompaña como Documento 5".

Adxúntase ao presente como Documento nº 3 copia de tal documento, que non resulta ser unha certificación, senón unha Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre a modificación do plan industrial de Kaekias Eólica S.A. ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos de Galicia. Cómpre salientar que, tal e como se recolle no propio texto

da Resolución, perante escritura de compravenda de accións de 27 de setembro de 2016, a sociedade Kaerias Eólica S.A. pasou a estar integrada no Grupo Greenalia.
O que concretamente se resolve é o que segue:

Resolvo:

Aceptar a proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaerias Eólica SA segundo os termos formulados na súa solicitude de modificado do 22.11.2019, coa seguinte cronograma e as seguintes actuacións.

Año	Greenalia Logistics	Greenalia Logistics	Smartia RE Hotel Coruña San Andrés 56
	Recogida de Biomasa Forestal Residual	Buque para exportación sector forestal	Hotel San Andrés
2015	150.000 €		
2016	3.274 €		3.008.000 €
2017	- €		- €
2018	1.526.187,42 €	1.967.299,58 €	883.058 €
2019	5.063.930,50 €	- €	- €
Total	6.743.391,92 €	1.967.299,58 €	3.891.058 €

ACTUACIONES CON EMPLEO ASOCIADO		
	Greenalia Logistics	
	Recogida de biomasa forestal Residual	
2019		33
Total		33

É dicir: en data 21 de xullo de 2021, a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais asina unha Resolución na que se acepta a proposta de modificación do plan industrial presentada en novembro de 2019, aceptación perante a que se procede a validar por parte da administración autonómica unha execución retroactiva dunha serie de actuacións, supostamente desenvolvidas entre os anos 2015 a 2019, e que implica a renuncia por parte daquela administración a monetarizar o plan industrial comprometido. En base a esta Resolución administrativa, xa que logo, a administración autonómica deixará de percibir 11.721.971 Euros a cambio da non execución efectiva do plan comprometido.

TERCEIRO. O que se acaba de referir resulta absolutamente contrario a Dereito, tal e como de inmediato acreditaremos. Mais antes de referirnos ás ilegalidades, cómpre salientar que a explicación fáctica que aparece na Resolución de referencia verbo das actuacións supostamente desenvolvidas e que se validan como plan industrial é tan detallada como o seguinte:

"Los proyectos se desarrollaron a través de las sociedades Greenalia Logistics y Smartia RE Hotel Coruña San Andrés 56 con las que se dispone de un acuerdo de compromiso con el plan industrial de Greenalia Wind Power derivado de las

adjudicaciones de los proyectos de los parques eólicos Campelo y Lamas de Feas. Las actuaciones propuestas se denominan Recogida de Biomasa Forestal Residual (promovido por Greenalia Logistics), Buque para exportación sector forestal (promovido por Greenalia Logistics) y Hotel San Andrés (promovido por Smarttia RE Hotel Coruña San Andrés 56)".

"Dicho plan consistió -afírmase no recurso que aportamos como Documento nº 2- en la realización de una inversión 12.601.749,50 euros para el desarrollo de tres proyectos empresariales que generó 33 puestos de trabajo en la provincia de A Coruña".

En canto á ilegalidade da Resolución, a mesma queda fóra de calquera dúbida razoable. Así, a *Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia* (DOG nº 61, de 31 de marzo), no seu artigo séptimo, regulaba polo miúdo a figura dos plans industriais nos seguintes termos:

"Artigo 7º.-Características dos plans de natureza industrial presentados.

7.1. Definición.

Co fin de maximizar o impacto socioeconómico da potencia eólica seleccionada, os solicitantes poderán presentar plans de natureza industrial para a súa valoración, preferentemente vinculados co sector enerxético.

Os plans de natureza industrial deberán estar valorados economicamente e contar cun estudo de viabilidade, que deberá contar, como mínimo, cos seguintes puntos:

- 1. Breve descripción do(s) proxecto(s) incluídos no plan industrial.**
- 2. Plan de investimentos que se acometerán, indicando partidas, volume e cronograma previsto.**
- 3. Plan financeiro do proxecto, con detalle das fontes de financiamento que se utilizarán, tanto propias como alleas.**
- 4. Plan de explotación do proxecto, indicando detalle dos ingresos e custos operativos previstos, desagregados por categorías.**
- 5. Análise da rendibilidade do proxecto, calculando o valor actual neto (VAN) e a taxa interna de retorno (TIR).**
- 6. Contas anuais previsionais do proxecto cunha proxección mínima de dez exercicios: balance, conta de perdas e ganancias, e estudio de fluxos de tesouraría.**

Os plans presentados serán obxecto dunha análise técnico-económica, co fin de garantir a súa viabilidade.

Para realizar a valoración destes plans industriais, consideraranse os investimentos en activos fixos tanxibles, en euros/MW solicitados, así como os empregos que se crearán no desenvolvemento do plan, en empregos/MW solicitados, ponderados tal e como se analiza no anexo V desta orde.

Tras a selección dos mellores proxectos presentados, o titular quedará comprometido a executar no desenvolvemento do seu plan industrial uns investimentos en activos fixos tanxibles resultantes de multiplicar a potencia eólica que se lle seleccionou pola súa proposta en euros/MW solicitado, así como a crear un número de empregos resultantes de multiplicar a potencia eólica que se lle seleccionou pola súa proposta en empregos/MW solicitados. Co obxectivo de asegurar a execución das actuacións incluídas dentro dos plans de natureza industrial, independentemente da potencia seleccionada a cada solicitante, establecécese un procedemento de proposta de plans industriais tal e como se describe no seguinte punto.

7.2. Efectuada a selección dos proxectos presentados, e asignada a cantidade de megawatt a cada un deles, os titulares destes quedarán comprometidos a executar o plan industrial asociado que foi avaliado.

Co obxectivo de asegurar a execución do compromiso firme e periodificado dun proxecto de desenvolvemento de natureza industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, tal é como se establece no artigo 34 d) da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, establecécese o seguinte procedemento:

7.2 a) O solicitante no momento en que formalice a súa solicitude fixará unha potencia mínima de megawatt a partir da cal se compromete ao desenvolvemento íntegro do plan industrial presentado.

7.2 b) No caso de que a potencia seleccionada en favor dun titular, en todos os seus parques, supere a potencia mínima de compromiso incluída na solicitude, deberá desenvolver o seu plan industrial integralmente.

7.2 c) No suposto de que a potencia seleccionada en favor dun titular, en todos os seus parques, sexa menor á potencia mínima de compromiso incluída na solicitude, o solicitante poderá optar entre as seguintes situacións:

1. Renunciar á súa solicitude, polo que pasarán a ser seleccionados os parques mellor situados na lista de reserva.

2. Monetarizar o seu plan industrial, que consistirá en multiplicar o número de megawatt que foron adxudicados polo rateo □/MW que foi tido en conta para avaliar o proxecto industrial, ingresando a citada cantidade no fondo de capital-risco (Sogida) do Igape co fin de financiar proxectos industriais de igual ou análoga natureza. Será de aplicación a Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco, respecto aos dereitos e as achegas dos que realicen os partícipes ao dito fondo.

O prazo para proceder ao ingreso no fondo de capital-risco (Sogiga) do Igape efectuarase no prazo dun mes desde a posta en funcionamento do/s parque/s".

Ao abeiro desta Orde, Kaeikas Eólica, S.A., mercantil promotora do PE Campelo posteriormente mercada polo Grupo Greenalia, presentouse ao concurso convocado para a asignación de potencia eólica e fórónlle adxudicados 75 Mw., para desenvolver dous parques -Campelo e Lamas de Feás-. A empresa, segundo o esixido polo artigo 7 da Orde antes transcrita, tiña determinado que o compromiso mínimo de Mw. para executar o seu plan industrial, consistente en actuacións de secado térmico de lamas e fabricación de pellets, era de 108 Mw., co cal, e novamente consonte ao precepto citado, dado que non lle foron asignados eses 108 Mw., senón 75 Mw., optou por monetarizar -non executar directamente- o plan industrial, monetarización que se fixou nunha cantidade de 11.721.971 Euros, que a empresa promotora do parque tería que ingresar no fondo de capital-risco (Sogiga) do Igape no prazo dun mes desde a posta en funcionamento do mesmo.

Todo o cal se reflicte no Anexo V da *Resolución do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia* (DOG nº 248, de 28 de decembro, adxúntase como Documento nº 4, excluindo a parte dos anexos que non resultan de interese aos efectos presentes):

ANEXO V: Plan industrial das empresas seleccionadas. Indicación do importe proporcional de investimentos en activos fixos tanxibles e número de empregos que se van crear

Empresa Seleccionada	MW Solicitados	Potencia Seleccionada	Compromiso Mínimo MW. Plan Industrial
Kaekias Eólica, S.A.	108,00	75,00	108,00

Actuación / Actuacions

Secado térmico de lamas e fabricación pellets

Investimento Total	Empregos Totais
16.879.638,00	48
En cumprimento do artigo 7.1 penúltimo parágrafo da Orde de 29 de marzo de 2010	
Investimento Total Proporcional	Empregos Totais Proporcionais
11.721.971	33

Opción de renuncia e/ou monetarización: SI

Nótese que a normativa transcrita, ao regular os proxectos industriais, contempla que escollida a opción de monetarizalos, no prazo dun mes trala posta en marcha do parque habería que proceder a ingresar a cantidade correspondente. E nótese que nin esa mesma regulación, nin outra calquera, contemplan a posibilidade de modificar aqueles proxectos industriais, nin moito menos de sustituiilos, como no presente caso, alegando o suposto desenvolvemento pasado de certas actuacións que nada teñen que ver coas inicialmente ofertadas.

CUARTO. Resulta ao noso parecer significativo que na *Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre a modificación do plan industrial de Kaekias Eólica S.A. ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos de Galicia*, a única argumentación xurídica que se invoca para resolver é a seguinte:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 20 do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG nº 203, do 25 de outubro de 2017), e pola disposición derradeira sexta da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro).

Resolvo:

Aceptar a proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaekias Eólica SA segundo os termos formulados na súa solicitude de modificado do 22.11.2019, coa seguinte cronograma e as seguintes actuacións.

É dicir: a fundamentación xurídica da Resolución circunscribese únicamente á competencia para resolver. Nin atisbo -porque non existe- de xustificación normativa algúna verbo do contido material da Resolución.

QUINTO. Esta Resolución administrativa, en base aos argumentos que se acaban de exponer, resulta ser manifestamente contraria a Dereito, e en base á mesma a administración actuante renuncia a perceber a cantidade de 11.721.971 Euros, o cal implica unha severa lesión á facenda pública.

Entende esta parte que do teor literal da Resolución administrativa que vimos comentando cabe inferir a posible comisión dun delito de prevaricación, previsto no artigo 404 do Código Penal vixente, en concurso cun delito de malversación dos previstos no artigo 432 do mesmo corpo legal, sen perxuízo de que os feitos que se denuncian poidan resultar constitutivos doutros tipos delictivos.

Neste sentido, cómpre salientar que diversas sociedades do Grupo Greenalia cuxa actividade se centra na xestión da biomasa obtiveron financiamento da Xunta de Galicia pola vía de concesión de axudas públicas e mesmo dun préstamo de 1.000.000 de Euros, segundo se reflicte no cadro que se aporta como Documento nº 5, que refiere aos Diarios Oficiais nos que aparecen as correspondentes resolucións de concesión. En particular, e segundo se deriva do mentado cadro, a Greenalia Logistics, sociedade exdutora dunha parte das actuacións que se pretenden validar a modo de execución do plan industrial que nos ocupa, foronlle concedidas axudas por parte da administración autonómica por


importe total de 554.028,90 Euros no período comprendido entre o 30/08/2017 e o 02/11/2021, ademáis dun préstamo de 1.000.000 de Euros. Concorren indicios, xa que logo, de que a Resolución cuxo contido ao presente se denuncia non só deu por executado o proxecto industrial de referencia, senón que ademáis deuno por executado en base a determinadas actividades para cuxo desenvolvemento o Grupo Greenalia obtivo contiosas axudas públicas.

Por todo o exposto,

SOLICITO que, tendo por presentado este escrito, cos seus documentos, de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, se proceda a abrir as dilixencias correspondentes que conduzan ao esclarecemento dos feitos postos no seu coñecemento, ordeando a tal efecto a práctica das investigacións oportunas e axeitada á natureza dos posibles delitos, á súa gravidade e á posible alarma social creada, e exercitando, no seu caso, as accións penais oportunas contra todas aquelas persoas que puidesen ser penalmente responsables.

En Compostela, a 17 de novembro de 2022

PALLIN SECO
FROILAN -
[REDACTED]


Firmado digitalmente por
PALLIN SECO FROILAN -
[REDACTED]
Fecha: 2022.11.18 09:18:11
+01'00'

Asdo.: Froilán Pallín Seco

Secretario Xeral de ADEGA